Biblioteca «Verde y Rosa»

# A VENDIMA

POR

HERACLIO P. PLACER

ORENSE

IMPRENTA DE «EL DERECHO»
á cargo de
HERMENEGILDO R. CABANAS
1895

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
F 7716
Biblioteca

al Sr. Director de
la "Revista Gallega".

# A VENDIMA

Biblioteca «Verde y Rosa»

# A VENDIMA

POR

HERACLIO P. PLACER

ORENSE

IMPRENTA DE «EL DERECHO»
á cargo de
HERMENEGILDO R. CABANAS
1895

Biblioteca Verde y Roja

# A VENDIMA

POR

HERACLIO P. PLACER



ORENSE

1895

A MEU AMIGO

# D. Modesto Fernández y González

A vosté, que lonxe da terra onde foi nado, sona con ela y-emprega seu valimento para facela ocupar o posto que lle corresponde, raxando creencias tan estúpidas como afincadas, e loitando cos morcegos da iñoranza que a luxan con ditos e contos que a poñen en ridículo; á vosté, para quen o título de gallego e a mellor tarxeta de recomendación para atopar un padriño quen ten falla de axuda;

á vosté, que en todal' as ocasiós ten o nome de Galicia nos labios, como si ó nomeala e virlle á recordancia, sentira zoar a veira sua os ecos dos fuliós, y-o *traque-traque* das muiñadas, y-o *rum-rum* de todal' as festas, e fose á bris de estas montanas, con barruntos de néveda e sargazo, á refrescar seu corazón magoado pol' a morriña ou as saudades, e á quen dedico estes catro ringlós sin outro méreto nin valor que ser copiados do natural, escritos baixo unha cepa, veira ó Barbaña, aquel meigo rio que esbara bicando as hortas donde vosté, y-eu máis tarde, brincamos de rapaces, aló n-o *Pozo do Inferno* y-o *Codesal*.

Cicais o lér estos ringlós pense ouzar as cántigas das vendimadoras pol' as ladeiras de *Castel-Ramiro* e *Carballeira*, e se lembre das alugas n-a Praza Mayor,

y-o voltar no apardecer pol' os carreiros brincando os mozos y-as mozas tras os pilos cos áceos, y-as escascas no sobrado, y-os contos agraxados, que, si en castellano poiden parecer inmorás, en gallego non pasan de chiscadas máis ou menos labarqueiras.

Acolla, pois, este presente, non como cousa de méreto nin mediania artística, senon como recordo dos outonos ourensanos, abundosos de luz, algueirantes de colores, sobrados de armonías, e rebordantes de vida e divertimento, que lle lembre os tempos da sua mocedá, a terra onde fan seus pais, os curruchos donde forxóu os seus primeiros ensonos, y-o últemo en merecementos dos seus amigos.

HERACLIO P. PLACER.

# A VENDIMA

Pra bó Sol e pra bó viño
non'hay pobo cal Ourense
él ten a flor das boas mozas
y-a flor dos homes valentes.

O AUTOR.

## I

Xa amañece: e das campás da eirexa
trinta e tres badaladas,
anuncian que é da y-alba a feiticeira
hora en que o Sol, ó escorrentar as fadas
que n-a fresca ribeira
n-as noites de luar van a bañarse,

montanas, vals, y-outeiros, vai dourando
y-as pingotas do orballo deloirando.
Y-entre cantos de páxaros y alegre
esprosión de colores,
e cheiros de fiunchos e de flores,
e parolar de fontes e regatos,
e rousear de carros, e murmurios
da bris ó troulear entre os follatos,
pol' os carreiros van, ó estroupela,
aturuxando, e cando non, decindo
unha tras outra amante cantinela,
triscadoras y alegres cal cabuxas
fato de lindas mozas, e locindo
da roda da cintura pindurada,
a navalla; mostrando n-a mirada
un risoño espallar de ocultos fogos
máis que os do Sol alegres e radiantes.
Xa chegan á ribeira: xa aduanantes,
á rebusca n-as cepas van collendo
os pintigados áceos

que entre falas e risas van mordendo;
y-enchoyando cos mozos, seus amores
van, con tan b randa fala,
ó refrescar, co orballo, os caraveles
que forman a sua boca,
que semellan que aniñan, dentro d'eles,
xílgaros, ciris e reiseñores.

II

Xa vai o Sol, a rabear, quentando;
xa da néboa non quedan máis que ustrozos
prendidos no ramaxe, ou arrastrando,
desde o fondo do val hasta a montana,
co abaneo da bris fuxen correndo
ou en nubes de fume desfacendo.
Xa cos áceos rebordan os culeiros,
e xa as vendimadoras

n-o chau, ós borcallós, rebuldadoras,
entre as cepas loitando
cos mozos que carrexan, van rodando.
Co a loita e co calor vanse afroxando
os corchetes da chambra,
y-entre o cós da camisa trembelean
n-un niño de rousadas palideces
pombiñas que en parexas se cofean.
Ruben das veigas penetrantes cheiros
de mentas y-espadanas
e zumbando por riba dos culeiros
cantáridas y abespas, cos colores
das suas alas, que bañan as rayolas
do Sol, van imitando
*Arcos da vella*, lindos, bulidores.
Y-entonces desde unhas a outras viñas
unhas veces en grupos y-outras solas,
escomenzan regueifas y-enchoyadas,
e tan pronto en sentidos parrafeos,
como en bulras zumbonas,

desfogan os amores que n-os seos,
cos cheiros, co calor, yo rebulicio
fai nos mozos e mozas estropicio.

III

—Anque non son das de Ourense
son das que ouzan *a prima;*
viva meu pobo querido,
pobo de Santa Mariña...
—Pobo de Santa Mariña
pobo da farrangallada;
ten os tellados de colmo
e ten as portas de palla...
—Si temos portas de palla
e temos de palla o teito,
tedes vos de palla o rabo
e queimádesvos por eso...

## IV

—Mociña, vou pro rueiro;
di si me deixas un pouco
repicar no teu pandeiro...
—¡Seica pensas que son tola:
pandeiro que toca un mozo...
todo ó coiro se lle esfola...

## V

E dempois de xantar volta as angueiras,
e volta ós parrafeos e pulladas
e cóxegas, borcallós, y-apalpadeiras,
y-outras cen mil trasnadas
que a un revirar do amo,
mozos e mozas fan, entre as barbadas.

E cansas de cantar e comer uvas,
xa proéndolle a cara co as deluvas,
y-os brazos xa baldeiros,
estrombados de tanto erguer culeiros,
conforme a tarde adianta,
anque e certo que afroxan n-a vendima,
aturuxan ó vel' a noite encima.

## VI

Aproximase a noite:
aló n-as lexanías,
azulean os picos da montana
y-entre nubes de grana
o Sol vaise ocultando
n-os vidros dos lexanos corredores
roxizo lostregando,
en tanto estende a noite o seu mantelo

que borra da Natura os mil colores
cal póndose de loito, un pecho velo.
E co-as gueipas nos brazos, xa valeiras,
as mozas cara á casa van riseiras
acabalando as unhas riba as outras,
xa caéndose en riba dos comaros
xa dándose bellizcos que saen caros;
¡qué lle costa á que deu a bellizquela,
pol' o menos, pegarlle dous a ela!
Y-asina, ó entrar n-a casa,
do traballo se esquecen e cobizan,
que haxa esfolla n-a coadra ou n-o sobrado
pois saben que n-o cosco escamisado,
os rapaces y-as mozas rebumbizan.

## VII

Veira un cesto acugulado
co as espigas

e mirando pra as xeitosas
raparigas,
os rapaces asentados
degrañaban
e cos ollos fixos, n-elas
parolaban.
Así, ás veces, us e outros
pol' o baixo,
saber queren de que lenzo...
é o refaixo;
mais a conta non lles sale,
que as rapazas,
logo din que «non hay sacos...
sin barazas»,
—Fuxe Xan, non seas tolo,
nin remexas...
¿ti que buscas?... ¡Asús, home!...
¿ti que asexas?...—
Y-a Marica remusgando
patexaba

nun rillote que n-as pernas
bellizcabaa
Pol-as veces unha moza,
cun carozo,
escachízalle os fociños
a algún mozo,
y-o rapaz enrabexado,
dando un pulo,
riba ó cosco monta n-ela
o cacharulo
Pol-as pernas, ésta, colleo
e loitando
entre as risas dos presentes
van rodando,
Si ela queda por enriba
—vaya... vaya...—
logo berra—Ei, rapaces,
¡viva a saya!...
E, riseiras, logo enchoyan
y hay mil casos

e mil contos, e mil ditos
e fracasos.
Para mostra ahí van tres contos
que, riseiro,
un patrucio lles contaba,
¡gandaineiro!,
E namentras todos rindose
estoupaban,
e que os ollos maliciosos
se chiscaban,
el faguíase un bendito,
¡mintireiro!:
sempre toca, ó son, a gaita,
do gaiteiro...

## VIII

«—Vou contarlle, señor crego,
un caso raro

que pasoume n-o romaxe
do San Mauro.
—Conta pois que teño presa.
—Pois e o caso
que eu son tola... pol' os figos...
e que un diaño
dun rapaz, que e meu cortexo,
deume un pano
cheo d' eles... e comino...
—¡Malo, malo!...
que o que figos come, e fixo
ten hinchazo,
de seguro rapariga,
que é teu caso...
—Si señor.—¿Pois, que me contas?...
—¡Que un meigallo!
debe ser, e vosté pode
exorsizalo...
—¡Un meigallo!... boeno, boeno
¡ora o diabro!

todo aquel que moito come,
faille daño,
Mais si queres... un consolo...
vou a darcho:
y-é que... ô cabo de algún tempo,
o tal hinchazo,
pol' a boca onde o comeche,
botaralo...—

## IX

Rinse as mozas; y-os rapaces
aturuxan
y-o petrucio pol' o baixo
refunfuña.
Chisca un ollo, raña a chola,
e pol' o zorro,
logo empeza entre as risadas
outro conto.

## X

«—Hoxe e sábado, Marica
cerra a porta;
pasos sinto moy quediños
pol' a horta.
Os cas ladran y-agunían
as curuxas;
hoxe e dia da campaña
y-andan bruxas.—
Y-así a vella da tía Rosa
remusgando
como un tronco de dormida
foi quedando.
Y-a rapaza que denantes
tiña medo
n-os palpexos cara a horta
foise quedo...

¡Y-era certo que ali andaba
bruxería!
ou asina pol' o menos
parecía,
pois a moza de ali a us meses
perxuraba...
¡que unha bruxa na barriga
lle medraba!...

. . . . . .

Conque, mozas, non abrades
nunca a porta
pol' a noite, que andan... bruxas
pol' a horta...»

## XI

—Acúsome señor de un gran pecado
—¡Asús! ¿qué foi?
—Que me deitei con Rosa...

—¡Gran pecado en verdá, mais non te afri-
[xas
que o que chora seu erro, Dios perdoa...
—Non e todo señor..., ¡emborracheime!
e dormindo pasei á noite toda
y-antes que eu despertara, enrrabiscada,
de min fuxiu.
—E di, ¿era boa moza?
—¡Cómo un anxo, señor...!
—Pois condenado
ó Inferno irás, por tonto e por estoa...

## XII

Cala o vello, os mozos rinse
y alí é ela
polo baixo ¡canta e canta!
palpadela,

Caise a luz, quedan a escuras
e ¡vai boa!...
o paxaro que non corre
e porque voa...

## XIII

Pol'as mañás, n-as ribeiras,
cantares e mais cantares,
e copras chuscarrandeiras,
e repicar das pandeiras
hasta despois dos xantares.
Y-alegrías, e colores
e cántigas y-enchoyadas
e parrafeos e amores
e contos rebuldadores
de enxergos e rillotadas
y-o ir vindo a noite encima
escomenzan os gaiteiros

e baixan pol' os carreiros
berrando:—¡Viva a vendima!—
as mozas e os carreteiros.
¿Quén d' esa meiga faena
non se acorda con dulzura?
¿quén non atopa ventura
con que escorrentar a pena?
¿quén ó relembrarse atura
sin sentir as algueiradas
da sangre, que ás borcalladas
ferve co mosto e co-as uvas
y-as escascas y as deluvas
y-os cantos y-as lagaradas?
¡Quén d' ela se esquecerá!
¿quén non ten n-a sua memoria?
dos tempos da mocedá
algunha amorosa historia
que a vendima espertará?
¿Quén nas alugas, de mozo,
non topou divertimento?

¿quén non fixo algún estrozo
contra o primeir mandamento...
y-outro mais que non o mento?
¿Quén de noite, n-o sobrado,
non deu, asi, as furtadelas,
algún biquiño roubado,
ou andivo as palpadelas
entre o cosco escamisado?
¡Vellos! non hay que arrufarse:
cousas son da xuventú...:
biquei eu, bicaches tú...
n-on hay pois que incomodarse,
senon reir e... calarse.
Calarse, e conto acabado,
que algún de vos, ¡marrulleiro!
a facer o ¡mal pocado!...
pois o que fai o gaiteiro
que lle podrece o punteiro...
Si, cicais, algunha nena,
di que xa pica en historia

o que lle traigo a memoria
co-a feitizada faena;
eiquí paz, e despois gloria,
Non poñerse acereixadas
que eu por calar, calarei,
y-os contos y-as enchoyadas,
y-as brincas y-as gandainadas
afé non descubrirei.
Cada un... goberna a sua casa,
eu..., non afirmo nin nego
o que na vendima pasa,
pero... preguntarlle o crego,
que él será quen poña a tasa...

# COSTUME VELLA

I

Era á vella medio chosca
e renqueaba,
e tan torta que un tornillo
somellaba.
Por amore dos ichavos
non comia
cuasemente, e casi casi
non bebia,

pois si a y-auga ningún carto
lle custaba,
no cacharro en que bebía
si gastaba.
Tiña un can, e non chamarme
mintireiro,
que outra cousa non comía
máis ¡que o cheiro!
Y-o criado, un palafustre,
langreaba
y-a barriga co cernizo
xa xuntaba.
Y-así, cutre, o vellestorio
fixo peto,
si ós veciños á de dárselle
algún creto.
Mais, un día, pondo un ovo,
mismo aixiña,
vai e comeo a larpeira
da galiña;

e causoulle tal rabuxe
á aquela raña
que toupou como si fose
unha castaña.

II

E viñeron a correr
facendo mil churumías
os parentes mais chegados;
viñeron, e, de seguida,
collen á vella y-en coiros
ou pouco máis que en camisa
metérona n' unha caixa
e por mor si resucita,
inda non cumprido o tempo,
fánlle o enterro máis que a prisa.
Nada diremos da eirexa
n-a que choran y-agunian

as pranxideiras, en torno
da caixa, e n-a cal escisman
os petrucios, calculando
canto a vella deixaría.

Cantan os cregos con voces
tan sin compás e distintas
que mais que responso, aquelo
pares fato de galiñas.

Os rapaces pol' o adro
fan das suas: ora guichan,
ora ruben á tribuna,
métense n-a sacristía,
ou por tirarlle a campana,
a un feigrés, rómpell' a crisma.

As vellas pégalle ó sono,
e pégalle as ráparigas
ganas de mirar pros noivios
y-os ollos, riseiras guiñan,
medio, así, as furtadelas
ó facer que se persinan.

Un *pater* dos máis orondos
a frente do sudor limpa,
cun gran pano dos de h erbas,
en tanto a boca estarrica
ó bostezar, de tal xeito
que pon o estómago á vista.
O sacristán calotea
c' unha vella que se arrisca
porque a trepa, mais il faille
por baixo a pelliz, a figa.
Mais todo acaba n-o mundo
e tamen acaba a misa.
Sale a xente para o adro,
a mitá dos cregos limpa
así como distraidos
a mudarse a sacristía.
Enterran a vella e votan
palas de terra por riba,
e non falta algún herdeiro
que ó votal-a terra, pisa

con forza, pol-o si acaso
inda a vella resucita.
E brila o Sol. Y-o ramaxe
parés murmura cantigas,
e chían os paxariños,
y-enchoyan, ledas, as brisas
y-o ver tanta vida fora;
parés que a morte se olvida...

III

Naide diría n-a casa
que dun enterro era o día.
Todos falan e barullan,
e parrafean e brincan.
Xa non hai choros, que se oucen
estralos de loucas risas.
Os potes acugulados

escachoan n-a cociña
donde tres ou catro mozas,
ben remangada a camisa,
aduanan e trasfegan.

O mellor contra unha esquina
colle un rapaz a unha moza
e xunta un cadris bellizcaa
No comedor; ¡moito berran!
Na presidencia, a familia
da morta, fai que non quere
comer, máis e que cavila
a canto lle toca a herencia.

Unhas cantas señoritas
silvestres, digo, rurales,
querendo pasar por finas
aunque de fame langrean,
solo fan... que se abanican...

¡E que platos, que derroche
de xamón e longanizas
de vitela e de lacós

de garbanzos e mariñas!
De cada ronda de viño
un pelexo se esfondica,
e co viño, aumenta o ruido
e máis aumenta a legria.
Os parentes xa conversan
y-hasta aquelas señoritas
con tal ansia os dentes votan,
que donde morden, non miran,
y-unha, á un crego, n-o pescozo
casi doente amordisca,
pensando que era un touciño,
y-outra, tamen, distraída,
pensando comer cereixas,
parés que n-a boca bica
d' un rapaz, que ten ó lado
¡por supuesto sin malicia!
vaya, vaya, por sabido...
y-en tanto sigue a comida
e si un berra outro lle gana

y-os ollos cada vez brilan
con máis forza e baixo a mesa
andan tolas as rodillas
y-empezan as palpadelas
y-as deluvas y-as sorrisas.
Lá, n' unha, esquina, n' un banco
arman ó instante unha timba.
Mais alá dous mozos falan
e pra dempois danse cita
outros san cara ó sobrado
y-outros van cara á cociña
pedir... auga a cociñeira
que ó darlla, ó caris salpica.
E trepan, corren, achoulan,
estroupelan, rebumbizan,
unhos dormen, outros xogan,
outros, co viño, arman rifas,
entrónzanse mil conversas
y-hasta o diaño da política
alí vay facer das suas.

Mais, a noite vense encima
y-enton, como din alí:
«faise o curazón das tripas»,
póñense todos de pé
(y-o que nón pode, agarima)
e alí en redor da mesa
con cara de hipocresía
fan que rezan un responso,
e din—*pola difuntiña*—
ó mesmo tempo que apuran
do vaso as últemas pingas.

Y-unhos montados y-os outros
a pé, pra casa camiñan
y aló pol' as corredoiras
escoitanse tolas risas.

Eu, pasmeime ó ver entrar
os namorados n-as viñas
ou n-os soutos, ou n-os millos,
y-unha vella, moy velliña,
marmuraba pol' o baixo

con maliciosa sonrisa.

—Eiqui paz e despois groria
enterros... ¡os de Galicia!...
pois por cada un que morre
nacen centos de seguida!...

Biblioteca «Verde y Rosa»

VOLUMEN I

# RECUERDO

POR

FRANCISCO ÁLVAREZ DE NÓVOA

VOLUMEN III

# ENTRE DIOS Y LA MUJER

POR

HERACLIO P. PLACER

Mensualmente se publicarán un tomo ó más al precio de 25 céntimos.
De venta en las principales librerías.